



## **CONCELLO DE NARON**

---

Reunidos na Casa do Concello, o día 20 de xuño de 2018, ás 10,47 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Servizo de limpeza xeral, mantemento dos terreos de xogo e control de accesos ao Estadio de Río Seco" formada por D. Marian Ferreiro Díaz (Alcaldesa), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. María del Pilar Canzobre Méndez (Interventora Xeral); Dna. Marina Sueiras Rodríguez, (funcionaria do Servizo de Deportes); D. Román Romero Franco (concelleiro delegado de deportes), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

A presidencia procede á apertura da sesión, dando a palabra ao Secretario da Mesa que informa da non existencia de baixas desproporcionadas, así como da puntuación obtida polas empresas con referencia as ofertas económicas presentadas:

Jardinería Arce SL – 31,72 ptos  
Clece – 51,00 ptos  
Limpezas Manser SL – 18,89 ptos

Posteriormente da lectura o informe emitido polo Administrador Xerente do Servizo de Deportes, sobre a práctica imposibilidade de facer un mantemento do Campos de Fútbol destinando menos de cinco mil cincocentos euros a estes mesteres.

A Mesa despois de debater o sinalado informe e sen opoñerse ao mesmo, tendo en conta a redacción dos pregos tanto o de cláusulas administrativas particulares como o técnico, resulta imposible rexeitar ningunha das propostas ao abeiro de ningunha das cláusulas deste documentos, polo que propón a adxudicación do contrato a oferta máis vantaxosa



## **CONCELLO DE NARON**

para a administración, CLECE S.A., tanto técnica como economicamente, ao acadar a maior puntuación, entre os dous aspectos da licitación. A súa vez, fora do ámbito da súa competencia, acorda dirixirse ao órgano de contratación para suxerir-lle a posibilidade, perante ás dúbidas xurdidas, de proceder á contratación externa de asistencia técnica ao control da execución do contrato do que hoxe se propón a súa adxudicación.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e oito minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.

Marian Ferreiro Díaz

Alfonso de Prado Fernández-Canteli

M. Pilar Canzobre Méndez

Marina Sueiras Rodríguez

Román Romero Franco

Ignacio Mazaira Garro